
O CESGA "Premio a la Tecnología de la Información en Galicia"

- Actualizado (13.09.2005)

O CESGA, foi galardonado co "Premio a la Tecnología de la Información en Galicia" concedido polo semanario técnico PCWEEK, PRICEWATERHOUSE COOPERS E COMPAQ.

O CESGA, como centro innovador de tecnoloxía e telecomunicacións de Galicia, recibiu este premio en recoñecemento a súa constante labor de análise, avaliación e implantación destas tecnoloxías e concretamente por poñer as tecnoloxías da información e as comunicacións ó servizo do ensino en Galicia.

Os premios foron entregados onte, 27 de maio no marco do V ENCUENTRO SOBRE LA TECNOLOGIA DE LA INFORMACION EN GALICIA, celebrado en Santiago.

RECETGA

O CESGA xestiona a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia, RECETGA, en colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. RECETGA interconecta os sete Campus Universitarios de Galicia, os Centros de Investigación da Xunta de Galicia, os Centros de Investigación do CSIC na Comunidade Galega e outros centros de I+D. Ademais, RECETGA facilita á comunidade científica e académica de Galicia acceso a Internet a través do nodo de RedIRIS.

REDE de AULAS de TELEENSINO

Sobre esta rede de comunicacións, que permite velocidades de transmisión de 155 Mb por segundo, está soportada unha rede de aulas de teleensino repartidas por distintos Campus Universitarios. Estas aulas permiten impartir clases en ata 4 Campus simultaneamente.

CURSOS WEB

O CESGA está, en colaboración con outras entidades e institucións, activamente involucrado no deseño e desenvolvemento de cursos baseados na Web. Neste momento o CESGA ofrece a través da súa web, www.cesga.es cursos de variada temática: (1)cursos de programación Fortran 90 , (2)cursos sobre medio ambiente Modelos de Calidad del Aire, (3)cursos sobre periodismo electrónico Gaceta Dixital, (4)cursos sobre pedagogía na Web Enseñanza e Internet,....

A PONTE

O CESGA colabora con multinacionais de desenvolvemento de software como SEMA Group e empresas de outros países europeos en proxectos como A PONTE (An approach to the dePloyment Of New Technologies in Education) que investigan os beneficios da implantación das novas tecnoloxías da información e as comunicacións nos centros de educación secundaria.

Para proxectos de TeleEnsino, o CESGA recibiu financiación dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional, dos programas europeos TELEMATICS-Education and Training e ESPRIT, da CICYT, da Xunta de Galicia e da Universidade de Santiago.